



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais

Materia	Comunicación: Tecnoloxía dos medios audiovisuais			
Código	P04G071V01108			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Pérez Feijoo, Paulino Emilio			
Profesorado	Pérez Feijoo, Paulino Emilio			
Correo-e	paulipe@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo e capacitación na tecnoloxía, a análise e a expresión de formas, medios e técnicas audiovisuais.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.
B6	Traballar en equipo e comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.
C19	Xestionar con eficacia a comunicación nas redes sociais.
C21	Coñecer e aplicar as técnicas e procesos de produción e realización audiovisual nos formatos e soportes contemporáneos.
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D2	Comunicar por oral e por escrito na lingua galega.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
2 - Coñecemento teórico-práctico e aplicación das tecnoloxías aos medios de comunicación audiovisuais (son, televisión e vídeo)	C19	D1
	C21	
3 - Capacidade para desenvolver medicións sinxelas vinculadas coa cantidade de luz e a calidade cromática durante o proceso de gravación das imaxes	B3	C19
	B6	C21
4 - Capacidade para desenvolver medicións sinxelas vinculadas coas cantidades e calidades do son durante o proceso de gravación do audio.	B3	C19
	B6	C21
5 - Habilidade para o uso adecuado de ferramentas tecnolóxicas, especialmente informáticas, nas diferentes fases do proceso de edición de imaxes		C19
6 - Capacidade de traballo en equipo e de comunicación das propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio, así como capacidade para integrarse nun proxecto común destinado á obtención de resultados	A1	D2
7 - Sensibilidade, respecto e necesidade de conservación do patrimonio cultural e audiovisual de Galicia e do mundo		B6

## Contidos

## Tema

1 - Introducción á tecnoloxía audiovisual.	<p>1 - Fundamentos técnicos do cinematógrafo: antecedentes. Cámara e proxector de cine.</p> <p>2 - Evolución da tecnoloxía cinematográfica: formatos, películas, do branco e negro ao 3D.</p> <p>3 - Convencións da linguaxe cinematográfica.</p> <p>4 - Tecnoloxía da televisión: antecedentes. A primeira emisión televisiva. Exploración entrelazada. Televisión en cor. Sistemas de televisión (PAL, SECAM, NTSC) TDT, cabo, satélite e IP. Televisión dixital: SD e HD</p> <p>5 - O vídeo: cámaras e formatos. A invención e desenvolvemento do magnetoscopio. Vídeo analóxico y vídeo dixital.</p> <p>6 - A contribución do vídeo e a televisión á linguaxe audiovisual.</p>
2 - A cámara de vídeo.	<p>1 - Introducción. Alimentación. Soportes de cámara. Trípodes. Baterías. Tipos de cámaras de vídeo.</p> <p>2 - Morfoloxía da cámara de vídeo.</p> <p>3 - Sistema óptico: obxectivos, foco, distancia focal, profundidade de campo, iris, obturación, servos, filtros.</p> <p>4 - Sistema electrónico: CCD, CMOS, sinal de vídeo, compoñentes de cor, sistemas de gravación, vídeo dixital: resolución, mostreo, profundidade de cor e cadencia, normas 4:4:4, 4:2:2..., codificación e parámetros técnicos do sinal de vídeo.</p> <p>5 - Formatos de vídeo.</p>
3 - Tecnoloxía do son.	<p>1 - Percepción e significado: fisioloxía, tomo, timbre e intensidade. Medidas do son.</p> <p>2 - Toma de son: micrófonos, mesturas, amplificadores, monitorización do sinal de audio (picómetro, vúmetro, caixas acústicas). Procesadores de son. Sistemas de rexistro sonoro. Conexións de audio.</p> <p>3 - Sintaxe sonora: plano sonoro. Voz, música, efectos. O valor do silencio.</p> <p>4 - Audio dixital: dixitalización do son: frecuencia de mostraxe, número de bits. Formatos.</p>
4- Iluminación.	<p>1 - Percepción: luz. Espectro electromagnético. Cor: síntese aditiva e subtractiva. Luz natural.</p> <p>2 - Luz artificial: tungsteno, HMI, luz fría, luz directa (Fresnel), luz difusa, luz reflectida.</p> <p>3 - Medidas da luz: intensidade, unidades. Fotómetro. Conversión de fontes luminosas. Temperatura de cor.</p> <p>4 - Fontes de iluminación: focos e proxectores. Filtros de difusión. Bandeiras. Gobos.</p> <p>5 - Iluminación creativa: aspectos teóricos e estética da iluminación. Iluminación básica de tres puntos.</p>
5 - Principios básicos de edición dixital de vídeo.	<p>1 - Montaxe cinematográfica. Principios xerais.</p> <p>2 - A imaxen dixital: bytes y bits. Resolución, muestreo, profundidade de cor, cadencia, compresión. Formatos de vídeo. Tamaño dos arquivos.</p> <p>3 - Dixitalización de vídeo: entrada do sinal de vídeo. Parámetros básicos de captura de vídeo. Compresores.</p> <p>4 - Edición con AVID. Principios xerais da edición por corte. Efectos e transicións.</p>

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas de forma autónoma	0	50	50
Prácticas de laboratorio	25	5	30
Lección maxistral	25	5	30
Práctica de laboratorio	0	20	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	20	20

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Traballos que o alumno deberá realizar de forma autónoma tanto de maneira individual como mediante traballo en equipo.
Prácticas de laboratorio	O alumno realizará de forma individual e en equipo exercicios prácticos de cámara, toma de son, iluminación e edición de vídeo.
Lección maxistral	Explicación dos contidos teóricos.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	En titorías
Prácticas de laboratorio	En titorías
Resolución de problemas de forma autónoma	En titorías

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas de forma autónoma	Exercicios prácticos realizados de forma autónoma polo alumno que poñan de relevo o aproveitamento das clases prácticas.	30		C19 C21	
Prácticas de laboratorio	Avaliarase a asistencia ás clases prácticas e a resolución dos exercicios propostos nelas.	10	A1	B3	D1 D2
Práctica de laboratorio	Exame práctico final sobre coñecementos adquiridos nas prácticas de laboratorio e nos exercicios.	30		B6	C19 C21
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame final teórico.	30		B6	C19 C21

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a asignatura é necesario obter a metade da porcentaxe no exame final práctico e teórico e nos exercicios prácticos avaliados.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

CASTILLO, J.M., **Televisión y lenguaje audiovisual**, IORTV,  
 CARRASCO, Jorge, **Cine y televisión digital**, UBe, 2010  
 MILLERSON, G., **Realización y Producción en Televisión.**, IORTV, 2002  
 MILLERSON, Gerald, **Iluminación para televisión y cine.**, IORTV,

#### Bibliografía Complementaria

LYVER, Des, **Principios básicos del sonido para vídeo.**, Gedisa, 2000  
 ZETTL, Herbert, **El manual de producción para vídeo y Televisión.**, Escuela de Cine,

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Animación en contornas dixitais e multimedia/P04G070V01402  
 Expresión sonora e estilos musicais/P04G070V01404  
 Técnicas de edición dixital/P04G070V01304

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

(\*)/

## Materias que se recomenda ter cursado previamente

---

(\*)/

---

### Plan de Continxencias

---

#### Descrición

---

- Docencia Mixta.

Clases teóricas. No caso de que a docencia teña que ser mixta, presencial e online, se adaptarán ás posibilidades docentes propostas pola facultade en canto a grupos presenciais e seguimento das clases de maneira síncrona no seu horario programado para a materia. A participación nestas sesións será de tipo obrigatorio. Nelas se analizarán os traballos desenvolvidos, se resolverá, as dúbidas sobre o temario (bibliografía, pdf, tutoriais, vídeos explicativos...) que se van engadindo cada semana a Faitic.

Clases prácticas. Dependendo das circunstancias do momento o alumnado desenvolverá as prácticas establecidas na programación docente mediante traballo individual nalgúns casos e mediante traballo en equipos de 3 alumnos nas prácticas que requiran traballo en equipo.

- Docencia online.

Clases teóricas. A parte teórica da materia será impartida a través da Aula Virtual asignada á materia no horario programado. Estas sesións serán de carácter obrigatorio. O alumnado terá á súa disposición o material didáctico en Faitic, mediante manuais en pdf, videotutorias, vídeos explicativos, reviews de materiais, e links a determinadas bibliografías e informacións de interese. Nestas sesións se analizarán os traballos desenvolvidos, se resolverán as dúbidas sobre o temario que se vai engadindo cada semana a Faitic e se animará ao alumnado a manter unha constancia na aprendizaxe. De xeito asíncrono se manterá o contacto a través do correo e do grupo de whatsapp da materia.

Clases prácticas. As prácticas programadas serán cambiadas por outras similares de tipo individual consistentes na elaboración de 4 pezas audiovisuais realizadas de xeito individual e de maneira asíncrona. A elaboración destes traballos permitirá por en práctica os conceptos teóricos que se van estudando. O alumnado deberá realizar estas prácticas de carácter obrigatorio con equipos individuais propios, como poden ser a súa cámara de fotos ou teléfono móbil con cámara e o ordenador ou tablet dotados con programas de edición gratuitos que serán recomendados polo docente.

- Avaliación. A avaliación contemplada na Guía Docente da materia quedará do mesmo xeito. Haberá un exame teórico final, que en función no modelo de docencia que se aplique pode ser presencial ou ben non presencial a través do Campus Remoto. Tamén se contempla un exame práctico final de carácter individual e autónomo de cada alumno, podendo ser realizado en calquera lugar no que se atope. a valoración das prácticas desenvolvidas e da actitude e implicación do alumnado no desenvolvemento da materia manterán a porcentaxe especificada na Guía Docente.

---